

**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE LECTURA A PRIMEIRA VISTA E TRANSPOSICION I-II**  
**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA**  
**TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 E O DECRETO 171/2016)**

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA LECTURA A PRIMEIRA VISTA E TRANSPOSICIÓN I-II									
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN				ITINERARIOS:			Fruta	
CARÁCTER:	OBRIGATORIA				TIPO DE CLASE:			COLECTIVA	
DEPARTAMENTO:	Vento Madeira				XEFE DE DPTO.:			ISMAEL VAQUERO	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			César Concheiro	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.					1,5	1,5			Observacións:
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA	
	César Concheiro Guerrico				<a href="mailto:cesarconcheiro@gmail.com">cesarconcheiro@gmail.com</a>			Xoves ás 9.30 h	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Práctica da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dos aspectos técnicos, da axilidade e automatismos necesarios para a comprensión e interpretación inmediatas dun texto musical. Práctica da transposición de textos musicais a diferentes tonalidades	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Ao alumno que se incorpora, pediráselle fundamentalmente: -Un adecuado nivel de lectura e comprensión musical interna. -Un mínimo de habilidades que permitan una execución e interpretación sobre o instrumento, consciente dos elementos que interveñen nunha obra de dificultade básica. -Un adecuado nivel de coñecementos a cerca da mecánica do transporte.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro e Decreto 171/2016 do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Crear un hábito neste tipo de disciplina para que o alumno se familiarice na lectura e o transporte a primeira vista.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,
Recoñecer a estrutura harmónica e motívica dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou tras unha lectura rápida sen instrumento.	T1, T3, T6, T13, T15 . X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,
Cofecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc. para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.	T1, T3, T6, T13, T15 . X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,
Valorar a importancia dunha análise previa sobre os elementos constitutivos e dificultades técnicas do fragmento ou obra para ler ou transportar.	T1, T3, T6, T13, T15 . X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,
Comprender a importancia e posibles aplicacións na vida profesional da lectura a vista e o transporte.	T1, T3, T6, T13, T15 . X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,

Demostrar os reflexos necesarios para resolver no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación, sen parar o discurso musical.	T1, T3, T6, T13, T15 . X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,
Ler a primeira vista obras ou fragmentos, respetando na maioría do posible o estilo, indicacións dinámicas, de tempo.	T1, T3, T6, T13, T15 . X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,
Cofecer e aplicar correctamente a teoría do transporte.	T1, T3, T6, T13, T15 . X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,
Transportar a primeira vista obras ou fragmentos, ós intervalos reflectidos no apartado de contidos	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
<b>1º CUADRIMESTRE (LECTURA A PRIMERA VISTA E TRANSPOSICIÓN I)</b>		
-Lectura a 1ª vista e a súa aplicación práctica	-Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos de diferentes épocas e estilos, con carácter de acompañante ou non, con incremento paulatino de dificultade. -Recoñecemento dos elementos constitutivos das obras ou fragmentos a traballar. -Supresións, arranxos e simplificacións de unha partitura. Introducción.	16
-Teoría e práctica do transporte.	Teoría do transporte: claves, armaduras, diferencias e a súa utilidade práctica. Instrumentos traspositores. O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos. Transporte de 2ª M asc e desc, 3ª M e m asc. e desc, 4ª X asc.	16
-Análise e transporte sobre patróns armónicos característicos das distintas épocas, sobre a partitura e/ou tras ser memorizado	-I-II-III-IV-V-VI-VII, V7, V de V -Cadencias básicas	4
-Realización de variacións sobre fragmentos dados.	Variacións rítmicas, melódicas e rítmico-melódicas, condicionadas e libres.	4
- Memorización de fragmentos sinxelos	Análise dos elementos constitutivos de fragmentos sinxelos para posteriormente interpretar de memoria e transportar a intervalos sinxelos.	4
TOTAL SESIÓNS:		16
<b>CONTIDOS 2º CUADRIMESTRE (LECTURA A PRIMERA VISTA E TRANSPOSICIÓN II)</b>		
-Lectura a 1ª vista.	- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos de diferentes épocas e estilos, con carácter de acompañante ou non, con incremento paulatino de dificultade. - Recoñecemento dos elementos constitutivos das obras ou fragmentos a traballar. - Supresións, arranxos e simplificacións de unha partitura. Continuación	16
-Teoría e práctica do transporte.	- Teoría do transporte: claves, armaduras, diferencias e a súa utilidade práctica. - Instrumentos traspositores. - O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos. - Continuación do transporte ós intervalos realizados no cuadrimestre anterior. -Transporte de 4ª X descendente e 2ª menor asc. e desc.	16
- Transporte de patróns armónicos característicos das distintas épocas, sobre a partitura e/ou tras ser memorizados	.I-II-III-IV-V-VI-VII, V7, dominantes secundarias, acorde de 5ª dismínuida, de 5ª aumentada, 7ª diatónica e 7ª dismínuida. Series de 7ª, etc. As diferentes cadencias. Modulacións. Coñecemento e emprego dos sistemas modais. Escalas pentatónicas e hexátónicas.	4
-Realización de variacións sobre fragmentos dados.	Variacións rítmicas, melódicas e rítmico-melódicas, condicionadas e libres.	4
- Memorización de fragmentos sinxelos	Análise dos elementos constitutivos de fragmentos sinxelos para posteriormente interpretar de memoria e transportar a intervalos sinxelos.	4
TOTAL SESIÓNS:		16
Observacións: Cando por algún motivo o número de semanas non coincida co número de sesións adaptarase cada cuadrimestre segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario o número de sesións asignadas a cada tema		

### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA (1º E 2º CUAD. )

A análise previa é fundamental para unha correcta asimilación e posterior reprodución d e un texto musical. Debe ser unha análise útil para poder ler despois dun breve contacto coa partitura, reproducíndoa o máis fielmente posible. Posteriormente haberá un tempo de reflexión para que o alumno coñeza e traballe a súa capacidade de reacción ante os posibles estímulos que poidan interferir na súa interpretación. Deberán coñecer as capacidades propias de cada un, a autoconfianza, a súa capacidade de concentración, a participación mediante a escoita activa dos outros membros do grupo, etc.

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
SESIÓN TEÓRICA: repaso da teoría do transporte e dos diversos contidos da disciplina. Resolución de dúbidas.	1	-	1
LECTURA GUIADA E TRANSPORTE. MEMORIZACIÓN. VARIACIÓNS. Sempre sobre pezas ou fragmentos do repertorio seleccionados de acordo ó nivel a traballar, e tras unha análise previa dos elementos que interveñen, e atendendo dende o primeiro momento a dar a visión máis aproximada da mesma. O transporte funcionará como mecanismo de verificación.	12	-	12
ESTUDO INDIVIDUAL Lecturas e transportes sobre repertorio orientado polo profesor, ou sobre pezas e fragmentos concretos aportados por éste, con elementos ou fórmulas concretos de interese. Será a principal e insustituíble tarefa do estudante.	-	29	29
LECTURA EN GRUPO: Na propia aula, abordanse pezas de grupo a primeira vista tras previa análise. Proporcionaranse as guías para esta mecánica. Transposición en grupo.	2	-	2
PROBA PRÁCTICA	1		1
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>45</b>

**Observacións:**  
 Os diferentes temas e subtemas traballaranse ó longo das sesións, combinando nunha mesma sesión diferentes contidos, polo que o número de horas indicadas para cada tema é orientativo, sendo a resultante da suma do traballado ó longo de todas as sesións.

### 6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Asistencia ás clases e aproveitamento das mesmas: Dadas as características desta disciplina, a avaliación é continua e integradora. Así, o traballo individual da materia implica un seguimento continuado. Valorarase a actitude, dedicación e atención e participación	-Amosar interese pola disciplina, así como unha correcta actitude na clase, receptiva ás indicacións do profesor. -Amosar capacidade para argumentar e expresar verbalmente o seu punto de vista e a comprensión do material traballado,	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,	30,00%

<p>Seguimento diario (Diario de aula):</p> <p>É fundamental considerar o cumprimento dos obxectivos do curso, mediante a observación da madurez na aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da materia, neste caso adaptados aos diferentes niveis de referencia dos alumnos. Valoraranse as destrezas acadadas, o nivel de comprensión, a musicalidade, etc., a vez que a produción creativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coñecer a teoría do transporte e a súa implicación na aplicación práctica.</li> <li>-Amosar dominio da mecánica do transporte, ó tempo que se é consciente dos elementos estruturais da peza que deberán trasladarse ó novo tono.</li> <li>-Realizar con soltura lecturas a primeira vista e transportes sobre pezas de diferente dificultade, de épocas e estilos diferentes, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.</li> <li>-Amosar axilidade á hora de resolver intercambio de partes entre transpositores e non transpositores</li> <li>-Amosar flexibilidade, capacidade de reacción e de integración no grupo, nos traballos de lectura e transposición non individuais.</li> <li>- Realizar correctamente e con soltura actividades e exercicios que versen sobre os contidos reflectidos nesta programación.</li> </ul>	<p>T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,</p>	<p>60,00%</p>
<p>Traballos complementarios individuais: Seguimento do estudo e traballo autónomo do alumno, do material aportado polo profesor.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Ser quen de traballar de forma autónoma así como de organizar o traballo individual de forma eficiente.</li> <li>-Ser quen de xestionar adecuadamente a información recibida, analizala e sintetizala.</li> </ul>	<p>T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,</p>	<p>10,00%</p>
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
<p>Realización de 3 lecturas e 3 transportes sobre pezas ou fragmentos de diferente dificultade, cos contidos desta guía, así como as cuestións necesarias para a avaliación de todas as competencias</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coñecer a teoría do transporte e a súa implicación na aplicación práctica.</li> <li>-Amosar dominio da mecánica do transporte, ó tempo que se é consciente dos elementos estruturais da peza que deberán trasladarse ó novo tono.</li> <li>-Realizar con soltura lecturas a primeira vista e transportes sobre pezas de diferente dificultade, de épocas e estilos diferentes, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.</li> <li>-Amosar axilidade a hora de resolver intercambio de partes entre transpositores e non transpositores</li> <li>-Amosar flexibilidade, capacidade de reacción e de integración no grupo, nos traballos de lectura e transposición non individuais.</li> <li>- Realizar correctamente e con soltura actividades e exercicios que versen sobre os contidos reflectidos nesta programación.</li> </ul>	<p>T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,</p>	<p>100,00%</p>
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
<p>Os alumnos que superen o número de faltas establecido (4 por cuadrimestre), terán que presentarse a un exame ao final do cuadrimestre donde a materia a avaliar será toda a que aparece na programación.</p>			
<p>Realización de 3 lecturas a vista e 3 transportes sobre pezas ou fragmentos de diferente dificultade, cos contidos desta programación, así como as cuestións necesarias para a avaliación de todas as competencias</p>	<p>Iguais ós do apartado 6.1.2</p>	<p>T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,</p>	<p>100,00%</p>
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
<p>Realización de 3 lecturas e 3 transportes sobre pezas ou fragmentos de diferente dificultade, cos contidos desta programación, así como as cuestións necesarias para a avaliación de todas as competencias</p>	<p>Iguais ós do apartado 6.1.2.</p>	<p>T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,</p>	<p>100,00%</p>

**Observacións:** No caso da avaliación continua, aínda que se avalía e cualifica cada unha das clases para obter a cualificación final en base ás porcentaxes indicadas, poderá realizarse un exame ó final do cuadrimestre, en caso de querer obter unha cualificación superior á conseguida coa media resultante da avaliación diaria. O exame será o mesmo que para a avaliación alternativa e a extraordinaria. Nese caso, a cualificación final, será a nota media entre a resultante da avaliación continua e a obtida no exame realizado.

**SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:**

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaliente

A Mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra.

**Para a obtención da matrícula de honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, realizarase unha proba específica que consistirá en tres lecturas a primeira vista e tres transportes, e será xulgada por alomenos tres membros do departamento.**

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

### 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Desportes e Bernau. *Manual práctico para reconocimiento de los estilos de Bach a Ravel*. Ed. Real Musical
- Iglesias, J. *Repentización y transposición para instrumentos en Mib, Sib y Do*. Ediciones sib
- Kuhn, Clemens. *Tratado de la forma musical*. Ed. Span. Press
- Toch, Ernest. *La melodía*. Ed. Labor
- Toch, Ernest. *Elementos constitutivos de la música*. Ed. Idea Books